



## A PREHISTORIA



*"Dolmen de Axeitos" (Trevor Huxham, CC-BY-NC-ND-2.0)*



# ÍNDICE


---

## A PREHISTORIA

1. A PREHISTORIA E AS SÚAS ETAPAS.....	1
2. O PALEOLÍTICO: A APARICIÓN DO SER HUMANO.....	2
2.1 O proceso de hominización.....	2
2.1 Xeitos de vida e arte no Paleolítico.....	3
<i>Exercicios</i> .....	6
3. O NEOLÍTICO.....	7
2.1 Xeitos de vida e arte no Neolítico.....	7
<i>Exercicios</i> .....	9
4. A IDADE DOS METAIS.....	10
3.1 Xeitos de vida e arte na Idade dos Metais.....	10
4. A PREHISTORIA NA PENÍNSULA IBÉRICA.....	11
<i>Exercicios</i> .....	12
SOLUCIÓN.....	13

# MAPA CONCEPTUAL DA UNIDADE 9


## A Prehistoria



## 1. A PREHISTORIA E AS SÚAS ETAPAS

Como vimos na unidade anterior, o estudo do noso pasado divídese en dúas grandes etapas: a **Prehistoria** e a **Historia** propiamente dita. O feito histórico que marca o paso dunha a outra etapa é a **aparición da escritura cara ao 3.500 a. C.**

Nesta unidade estudaremos a primeira grande etapa, a **Prehistoria**, a primeira e a máis longa etapa da historia da Humanidade e os períodos en que se pode dividir: **Paleolítico**, **Neolítico** e a **Idade dos Metais**.




## 2. O PALEOLÍTICO: A APARICIÓN DO SER HUMANO


A tese máis aceptada sostén que no **Paleolítico** apareceu un grupo de homínidos que, como resultado do proceso de hominización, evolucionaron ao longo de milleiros de anos ata converterse nos seres humanos (*Homo sapiens*).

### 2.1 O proceso de hominización

O **proceso de hominización** foi un longo período de tempo en que un grupo de primates comezou a evolucionar ao través de cambios físicos e culturais para adaptarse aos cambios do medio en que vivían. Un exemplo destes cambios que forzou a súa adaptación ao medio foi un cambio climático que reduciu a superficie da selva en que habitaban en favor dun incremento da sabana (con árbores illadas que impedían fuxir dos depredadores).

Así, entre os primates, apareceu o grupo dos **homínidos** que, ao longo de milleiros de anos, evolucionaron ao xénero **Homo**, que eran primates que presentaban características humanas (posición bípede, capacidade de facer ferramentas, maior capacidade cranial, capacidade para falar...), ata chegar á especie humana actual, o **Homo sapiens**.





"Especies de homínidos distribuidos ao longo do tempo" (Cruithne9, CC BY-SA 4.0)

## 2.1 Xeitos de vida e arte no Paleolítico

- **Grupos nómades de cazadores-recolectores:** os humanos no Paleolítico eran **cazadores-recolectores**, alimentábanse da caza, da pesca, do marisqueo, da recolección de froitos silvestres..., polo que eran **nómades** ao ter que desprazarse na procura de alimento. Constituían grupos non moi numerosos con vínculos de parentesco que vivían xeralmente en cabanas, covas ou abrigos.



"Recreación da vida diaria do Paleolítico do Lotte World Folk Museum de Seúl" (Ethan Doyle White, CC BY-SA 4.0)

- **Ferramentas:** as primeiras ferramentas elaboradas no Paleolítico eran de pedra, maiormente seixos rudimentariamente tallados para darlles gume (por iso Paleolítico deriva do grego e quere dicir «*pedra antiga*»). Co tempo, fixeron **bifaces** que eran ferramentas xeralmente de sílex talladas polas dúas caras (frechas de pedra, coitelos, machadas...) Ademais da pedra, tamén facían ferramentas de óso, hasta, madeira...



*"Biface das Neves, Galicia"*  
(Ángel M. Felicísimo, CC BY 2.0)

- **Lume:** hai aproximadamente un millón de anos, os humanos descubriron o **xeito de facer lume**, o que fixo posible dispoñer de luz, calor, poder cociñar, empregalo para asustar animais perigosos...
- **Crenzas relixiosas:** diversas manifestacións artísticas indican a existencia de crenzas relixiosas asociadas aos astros, á fertilidade (deusas-nai), forzas da natureza (vento, choiva...). Tamén hai achádegos que amosan ritos funerarios como poden ser enterramentos de neandertais con enxovais, inicialmente modestos (flores, cunchas...).
- **A arte do Paleolítico:** neste período contamos coas primeiras manifestacións artísticas da Humanidade con **pinturas rupestres** (feitas en covas con figuras de cabalos, bisontes, mans, figuras humanas...); esculturas entre as que sobresaen as **venus paleolíticas** (pequenas figuras femininas posiblemente vencelladas á fertilidade) ou gravados en pedra, hasta de reno...



"Pintura rupestre. Leas nunha réplica da cova Chauvet, Francia"  
(HTO, Wikicommons)



"Venus de Willendorf" (MatthiasKabell, CC BY-SA 2.0)

## Sabías que...?

🔍 Aínda que moitas veces vemos recreacións da vida cotiá de grupos humanos paleolíticos vivindo en covas, non sempre era así.

🏠 En realidade a maioría vivía ao aire libre, en chozas feitas con madeira, peles e ósos. 🪵 🦁 🐾

As covas usábanas só en momentos puntuais:

- para refuxiarse do mal tempo, ⚡
- ou como lugares cerimoniais ou simbólicos. 🏰



Réplica dunha vivenda feita cunha osamenta de mamut e peles.

## EXERCICIOS

---

### Exercicio 1

Verdadeiro ou falso. No caso de ser falso, indica por que non é correcto:

- No Paleolítico, os seres humanos vivían en aldeas de xeito permanente.
- No Paleolítico, os seres humanos facían ferramentas de pedra rudimentariamente traballada.
- Non se conservan manifestacións artísticas do Paleolítico.
- Un biface é unha pequena escultura dunha figura feminina vencellada á fertilidade.

### Exercicio 2

Explica de xeito sintético:

- Que significou o dominio do lume no Paleolítico para os seres humanos?

### Exercicio 3

Sinala algúns cambios físicos no proceso evolutivo dos homínidos ao xénero **Homo**:



"Recreación dun rapaz Homo sapiens" (MUSE, CC BY-SA 3.0)



- **Crenzas relixiosas e manifestacións artísticas:** o mundo relixioso sofre importantes cambios froito destas sociedades neolíticas máis complexas. A maior especialización social permitiu a construción de santuarios (por exemplo, Gobekli Tepe na actual Turquía). A pintura e a escultura, a diferenza do Paleolítico, son máis esquemáticas.



"Santuario de Göbekli Tepe, actual Turquía" (Teomancimit, C BY-SA 3.0)

A finais do Neolítico aparece o megalitismo ou a construción de megálitos (do grego megas «grande» e lithos, «pedra»), monumentos feitos con grandes bloques de pedra ou ortostatos que continuarán construíndose na Idade dos Metais. Hai varios tipos:

- Menhir, é un gran bloque de pedra fincado no chan.
- Dolmen, é unha cámara funeraria, con ou sen corredor, formada por grandes bloques verticais cunha cuberta de bloques horizontais. A cámara pétreo cubríase con terra e anacos de pedra formando un túmulo (un montículo).
- Crómlech, é unha aliñación de menhires, por exemplo, Stonehenge no Reino Unido.



"Crómlech de Stonehenge, actual Reino Unido" (Diego Delso, C BY-SA 4.0)




"Dolmen de Dombate" (Mussklprozz, C BY-SA 4.0)

 EXERCICIOS

**Exercicio 4**





Observa esta viñeta, que características do Neolítico podes apreciar?



"Vila neolítica" (Megachix, CC BY-NC-ND 3.0)

**Exercicio 5**

Enche as casas da táboa comparativa entre o Paleolítico e o Neolítico:

	Paleolítico	Neolítico
<b>Economía</b> 		
<b>Vivenda</b> 		
<b>Ferramentas</b> 		
<b>Organización social</b> 		

## 4. A IDADE DOS METAIS

A Idade dos Metais é un período da Prehistoria que xorde cara ao 4.500 a. C., ano en que aparece a **metalurxia** (elaboración de metais) en Oriente Próximo, o que posibilitou a xeneralización do uso do metal. Esta idade da Historia divídese en tres períodos:



"Machada asiria de bronce cun texto"  
(Gary Todd, CCO 1.0)

- **Idade de Cobre**, por ser este o metal máis utilizado; foi a primeira en xurdir cara ao 4.500 a. C.
- **Idade de Bronce** (o bronce é unha aliaxe de cobre e estaño, resulta máis duro ca o cobre); comezou arredor do 3.500 a. C.
- A **Idade de Ferro**, cara ao 1.500 a. C.

A **Idade dos Metais**, e con ela a Prehistoria, **remata coa aparición da escritura**, dando paso á Historia. Este acontecemento, igual que o Neolítico e a Idade dos Metais, chegou a outros lugares da Terra en diferentes momentos.

### 3.1 Xeitos de vida e arte na Idade dos Metais

- **Uso do metal:** na Idade dos Metais a gandaría e a agricultura continuaron sendo a base da economía das sociedades máis avanzadas que obtiñan maiores rendementos ao traballar a terra con utensilios de metal. Ademais, empregaron a metalurxia para outras aplicacións como, por exemplo, na vaixela (vasos, xarras...) ou no armamento (espadas, coitelos, puntas de frecha...). O comercio acadou maior alcance xa que os pobos que empregaban máis intensamente a metalurxia procuraban metais en áreas cada vez máis afastadas.
- **Sociedades urbanas:** a poboación sedentaria aumentou e as protocidades deron paso ás **ciudades**, cun plano ordenado en rúas, barrios...
- Outras innovacións: ademais da metalurxia, xorden neste período a **roda** (aplicada ao carro e ao torno alfareiro), o **arado** e a **vela**, que revolucionaron o transporte e a produción cerámica e agrícola.



"Miniatura exipcia de labrego arando"  
(Pharos, CCO 1.0)



"Rodas votivas achadas nun templo asirio"  
(Daderot, CCO 1.0)

## 4. A PREHISTORIA NA PENÍNSULA IBÉRICA

- **Paelolítico:** na península ibérica destacan os achados do xacemento de **Atapuerca (Burgos)**, onde se atoparon pezas óseas de varios tipos de homínidos entre os que sobresa e bautizado como ***Homo antecessor*** (para uns especialistas sería unha variante do *Homo erectus*, para outros é o último elo a partir do que se dividiron o *Homo neanderthalensis* e o *Homo sapiens*).

No territorio do que hoxe é Galicia, os restos humanos máis antigos datan do final do Paleolítico (por exemplo, unha parte dunha peza dental atopada en Valdavara, Becerreá), aínda que se atoparon ferramentas líticas que proban a presenza humana moito antes, por exemplo, nas gándaras de Budiño ou na serra do Xurés.

A nivel peninsular, as manifestacións artísticas paleolíticas máis senlleiras son as pinturas rupestres. Distínguense dúas áreas con estilos diferentes:

- **Área cantábrica:** son pinturas realistas que usan varias tonalidades da cor. Sobresaen as pinturas da **cova de Altamira** (Cantabria). En Galicia contamos con algún exemplo na provincia de Lugo, como as pinturas da **cova Eirós** e da **cova da Valiña**.
- **Área levantina:** xa no tramo final do Paleolítico, no levante peninsular, temos pinturas máis esquemáticas que usan a cor negra e vermella. Representan figuras animais e humanas, por exemplo, no abrigo de **El Cogul**.
- **Neolítico:** chega á península ibérica miles de anos despois da súa aparición no Próximo Oriente, introducindo a agricultura, a gandaría e a cerámica, comezando así o **megalitismo**. Na paisaxe do noroeste aparecen dolmens e as **mámoas**, que son dolmens cubertos de terra e con anacos de pedra formando un túmulo. En Galicia contamos con numerosos exemplos de dolmens (Axeitos, Dombate...) e algún **menhir** (Lapa de Gargantás).




"Atapuerca" (Mario Modesto Mata, C BY-SA 4.0)



"Pinturas rupestres de bisontes de Altamira" (Thomas Quine, C BY-SA 2.0)



"Recreación pinturas rupestres neolíticas da cova dels Moros, Gavà" (Enric, C BY-SA 3.0)



"Dolmen de Axeitos" (Trevor Huxham, CC-BY-NC-ND-2.0)

- **Idade dos Metais:** na **Idade do Cobre** xorden culturas como Los Millares (Almería), con poboados amurallados e arquitectura megalítica con **dolmes** e **grandes sepulcros de corredor**. Na **Idade de Bronce** sobresaen as culturas de El Argar (Almería e Granada), con enterramentos individuais, e a das Baleares, con construcións megalíticas características como navetas (sepulcro colectivo con forma de nave invertida), *taulas* (en forma de mesa, cun bloque de pedra vertical sostendo un bloque horizontal) e *talayots* (posiblemente torres de vixilancia defensiva).

Deste período, en Galicia, son característicos os petróglifos, gravados na rocha xeralmente con figuras xeométricas. No final da Idade do Bronce e na Idade de Ferro, no noroeste peninsular xorde a cultura castrexa, cuxo elemento característico son os castros, en xeral, eran poboados fortificados en altura como os de Viladonga, Santa Tegra, Vigo... (aínda que algúns poden situarse na costa e mesmo aparentemente carecer de elementos defensivos, como o castro da Lanzada).



"Petróglifos, Mogor" (Paco, C BY-SA 3.0)



"Castro de Santa Tegra, A Guarda" (Vicenc Valcárcel Pérez, C BY-SA 4.0)

## EXERCICIOS

### Exercicio 6

- a) Cal é a diferenza entre un **castro** e unha **mámoa**?
- b) Cal é a diferenza entre un **petróglifo** e un **megálito**?

## SOLUCIÓNS

### Exercicio 1

- a) Falso, no Paleolítico os seres humanos eran nómades.
- b) Verdadeiro.
- c) Falso, hai mostras de arte rupestre, venus paleolíticas, etc.
- d) Falso, un biface é unha ferramenta xeralmente de sílex tallada polas dúas caras (frechas de pedra, coitelos, machadas...)

### Exercicio 2

O dominio do lume fixo posible dispoñer de luz, calor, poder cociñar ou empregalo para asustar animais perigosos.





### Exercicio 3

Posición bípede, capacidade de facer ferramentas, maior capacidade cranial, capacidade para falar...

### Exercicio 4

A existencia de agricultura (campo cultivado), o sedentarismo (aldea con grupo de cabanas), a agricultura (campo de cultivo), a gandería (as cabras), os teares...

### Exercicio 5

		Paleolítico	Neolítico
<b>Economía</b> 		Cazadora-recolectora	Agrícola e gandeira
<b>Vivenda</b> 		Covas, abrigos, cabanas temporais	Aldeas, poboados e protocidades
<b>Ferramentas</b> 		Pedra tallada rudimentariamente	Pedra puída
<b>Organización social</b> 		Pequenos grupos humanos con pouca especialización do traballo	Grupos máis grandes e con maior especialización do traballo



## Exercicio 6

- a) Un **castro** é un poboado fortificado característico da **Idade de Ferro** no noroeste peninsular ibérico. Mentres que unha **mámoa** é o nome galego para un túmulo que cobre un dolmen que é un megálito propio do Neolítico.
- b) Un **petróglypho** é un gravado na rocha con formas xeralmente xeométricas ou humanas da **Idade do Bronce**. Un megálito é unha construción con grandes bloques de pedra que aparecen no Neolítico e **perduran ata a Idade dos Metais**.